



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/28	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	16 de xullo de 2018
Duración	Desde as 13:11 ata as 13:50 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	NON
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNGELA VIZOSO MARCOS	SÍ

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Apróbación da acta da sesión anterior realizada en data 9 de xullo de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 9 de xullo de 2018.

Expediente 3642/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por P.A.D., en representación da Comunidade de Propietarios Novo Areal, con CIF nº X, na que demanda autorización municipal para instalación de sinal de pasaxe permanente, así como, sinalización horizontal de unha liña amarela lonxitudinal continua fronte ao sinal, sito en rúa Daríns. A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe favorable emitido ao respecto en data 12.07.2018 pola Policía Local, acorda acceder ao solicitado polo Sr. A.D., condicionado ao seguinte:

* O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 3579/2018. Solicitud de sinalización

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude presentada por H.B.B. na que demanda autorización municipal para a instalación de sinal de pasaxe permanente na Avda. de Orense, nº 23.

A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido en data 10.07.2018 pola Policía Local, acorda conceder autorización para a instalación de sinal de pasaxe permanente á Sra. B.B., debendo proceder a sinalizar horizontalmente a vía e colocar a placa nun lugar visible preto do acceso desde a entrada cara á beirarrúa.

* O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de urbanismo,

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 3650/2018. Solicitud de sinalización horizontal

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Expediente 3091/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3091/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por V.G.G., para colocación de ventanal e porta de aluminio en porche sito no lugar de Outeiro, nº 73-Balea-Darbo, de conformidade coa documentación presentada (referencia catastral X). O presuposto de execución das obras ascende a mil novecentos euros (1.900,00 €).

Expediente 3576/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3576/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE PROPIETARIOS AVDA. OURENSE 65 BLOQUE B, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Ourense, nº 65, titular do CIF nº X, para reparacións zonas comúns en edificación existente sita en Avda. Ourense, 65 (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a sete mil seiscientos noventa e catro euros con cinco céntimos (7.694,05 €).

Expediente 3514/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3514/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M.T.P.P., para un cerramento sito no lugar de rúa O Tobal-San Roque-Darbo, de conformidade coa documentación presentada. O presuposto de execución das obras ascende a novecentos cincuenta euros (950,00 €).

Expediente 3598/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 3598/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por COMUNIDADE DE PROPIETARIOS NAZARET 9, titular do CIF nº X, con enderezo a efectos de notificacións en Barrio de Nazaret, nº 9, para pintado de fachadas do edificio sito no Barrio de Nazaret, nº 9 (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a cinco mil catrocentos corenta euros (5.440,00 €).

Expediente 3587/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3587/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.N.V., para cambio de tella e reparación puntual de cuberta de edificación sita no lugar da Pedreira, nº 65-Coiro (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo arquitecto J.A.F.M., de data de xullo de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a tres mil novecentos euros (3.900,00 €).

Expediente 3512/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3512/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por J.M.S.C., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Concepción Arenal, nº 175-1º C-Marín, titular do DNI nº X, para demolición de caseta sita en Estrada Bueu, nº 152-Gandón-Aldán (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a cincocentos euros (500,00 €).

Expediente 4176/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 4176/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "GAES SA", con enderezo a efectos de notificacións en rúa Pere IV, nº 160-Barcelona, titular do CIF nº X, para instalación dun cartel luminoso a modo de bandeirola no local sito na Avda. Marín, nº 13-baixo-local C (referencia catastral X), visto o informe favorable do arquitecto municipal obrante no expediente de data 6 de xullo de 2018.

Expediente 3573/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3573/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por R.M.O.L.,

Concello de Cangas



Concello de Cangas

titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións na Avda. Rans, nº 31-baixo C-Nigrán, para acondicionamento de local para lavandería-autoservizo sito en Rúa Real, nº 68-baixo (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a nove mil novecentos sesenta e dous euros con cincuenta e oito céntimos (9.962,58 €).

Expediente 3577/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 3577/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por D.P.P., titular do DNI nº X, con enderezo a efectos de notificacións en rúa Barcelona, nº 37-1ºD-Vigo, para cambio de tella e reparacións cuberta de edificación sita no Lugar de Romarigo, nº 19 (referencia catastral X), de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a seis mil euros (6.000,00 €).

Expediente 2828/2018. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2828/2018).- A T.B.P., con enderezo en rúa Estrada, nº 16-8º-esq.-Vigo, para no lugar de Rabáns- Vilanova-O Hío (referencia catastral X), construír un cerramento de 26,40 ml., segundo o proxecto elaborado polo arquitecto, J.P.Y., de xuño de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a mil douscentos setenta e catro euros con cincuenta céntimos (1.274,50 €).

Expediente 5216/2017. Prestación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a J.F.G., con DNI nº X e con expediente nº 36008/01/002404, do Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento do usuario.

Data de efectos da baixa: 7 de maio de 2018.

Expediente 2096/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a H.F.R., con DNI nº X e con expediente nº 36008/01/003446 do Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento do usuario.

Data de efectos da baixa: 7 de xuño de 2018.

Expediente 3636/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a B.I.H., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/002928 – 48831, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo do servizo total: setecentos dous euros con trinta e oito céntimos (702,38 €) (doce euros con once céntimos (12'11€/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cento setenta euros con cincuenta e dous céntimos (170,52 €/mes).

Número de horas: 58 horas mensuais, sendo o máximo de horas actualmente dispoñibles a través do sistema de dependencia. No momento que exista maior dispoñibilidade de horas de prestación do servizo, procederase a amplialo na totalidade das 70 horas mensuais aprobadas no seu programa de atención individualizada.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de agosto de 2018.

Expediente 3596/2018. Prestación do servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

Concello de Cangas



Concello de Cangas

* CONCEDERLLE a M.B.F., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/000240 – 63257, o Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal
- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo do servizo total: cincocentos corenta e catro euros con noventa e cinco céntimos (544,95 €) (doce euros con once céntimos (12'11€/hora)).

Achega económica da persoa usuaria: cento oitenta e seis euros con setenta e cinco céntimos (186,75 €/mes).

Número de horas: 45 horas.

Data de efectos de alta no SAF: a partir do 1 de agosto de 2018.

Expediente 2146/2017. Variacións no servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a M.T.N.V., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/000028 –52866, do Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento da usuaria.

- Data de efectos da baixa: 28 de xuño de 2018.

Expediente 2119/2017. Variacións no servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude de Servizo de Axuda no Fogar e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social e proxecto de intervención elaborados pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* CONCEDERLLE a C.V.D., con DNI nº X e con expediente nº 36008/01/002194 –55959, a ampliación do Servizo de Axuda no Fogar a través da quenda de dependencia e de acordo cos seguintes detalles:

Prestacións:

- * Atencións de carácter persoal

Concello de Cangas



Concello de Cangas

- * Atencións de carácter psicosocial
- * Atencións de carácter doméstico

Custo do servizo total: douscentos corenta e dous euros con vinte céntimos (242,20 €) (doce euros con once céntimos 12,11€/hora).

Achega económica da persoa usuaria: corenta e un euros (41,00 €/mes).

Número de horas: 20 horas.

Data de efectos de ampliación no SAF: a partir do 16 de xullo de 2018.

Expediente 2967/2017. Variacións no servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a J.F.R., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/001300 –36512 do Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento do usuario.

Data de efectos da baixa: 1 de xullo de 2018.

Expediente 2136/2017. Variacións no servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a A.P.S., con DNI nº X e expediente nº 36008/01/000362 do Servizo de Axuda no Fogar, por traslado da usuaria a aloxamento residencial sito noutro concello.

Data de efectos da baixa: 8 de xuño de 2018.

Expediente 2139/2017. Variacións no servizo de axuda no fogar

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a información facilitada pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:

* DAR DE BAIXA a C.P.P., con DNI nº X e con expediente nº 36008/02/001015 –22119 do

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Servizo de Axuda no Fogar, por falecemento da usuaria.

- Data de efectos da baixa: 1 de xuño de 2018.

Expediente 3593/2018. Concesión de axudas de emerxencia social

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a seguinte proposta de resolución de data 11.07.2018 do concelleiro de servizos sociais, para concesión de axuda económica de emerxencia social, que é como segue:

"PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

Don Tomás Hermelo Álvarez, en calidade de concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade do Concello de Cangas.

Con relación na solicitude de axuda económica de emerxencia social presentada por M.A.A.D., con NIE nº X e examinado o informe da traballadora social de servizos sociais comunitarios, proponse a seguinte resolución:

** Concesión de axuda económica por importe de mil trescentos sete euros con trinta e seis céntimos (1.307,36 €)".*

Expediente 240/2017. Devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Primeiro.- Recoñecer a devolución dos seguintes avais depositados no contrato de "Servizos docentes e técnicos e as actividades deprotivas da piscina cuberta de Cangas":

Por importe de dous mil noventa e tres euros (2.093,00 €) no "Banco Pastor SA", a favor de "SOOM MANAGEMENT SL".

Por importe de cinco mil douscentos trinta e dous euros con cincuenta céntimos (5.232,50 €), no "Banco Pastor SA", a favor de "SOOM MANAGEMENT SL".

Por importe de oitocentos noventa e sete euros (897,00 €) en "AFIGAL SGR", a favor de "ESPROADE SL".

Por importe de dous mil douscentos corenta e dous euros con cincuenta céntimos (2.242,50 €), en "AFIGAL SGR", a favor de "ESPROADE SL".

Segundo.- Notificar este acordo ás empresas interesadas.

Concello de Cangas



Concello de Cangas

Expediente 3602/2018. Cancelación e devolución de garantía	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p><u>Primeiro.-</u> Recoñecer a devolución da fianza en metálico depositada por H.H.V., por importe de trescentos euros (300,00 €), para garantir a finalidade do expediente de obra nº 25.858.</p> <p><u>Segundo.-</u> Notificar este acordo ao interesado.</p>	

Expediente 897/2018. A) Dación de conta de concesión de subvención para "Acondicionamento das fontes lavadoiros do Bondiñeiro e Sareira-Cangas". B) Dación de conta de concesión de subvención para "Promoción e desenvolvemento de programas dinamización da lingua galega"	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A) DACIÓN DE CONTA DE CONCESIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE SUBVENCIÓN PARA "ACONDICIONAMENTO DAS FONTES LAVADOIROS DO BONDIÑEIRO E SAREIRA-CANGAS"</p> <p>A Xunta de Goberno Local queda informada da concesión por parte da Deputación Provincial de subvención por importe de dezaseis mil setecentos setenta e tres euros con dezaoto céntimos (16.773,18 €) para a dinamización lingüística, pola obra "ACONDICIONAMENTO DAS FONTES LAVADOIROS DO BONDIÑEIRO E SAREIRA-CANGAS".</p> <p>B) DACIÓN DE CONTA DE CONCESIÓN POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA DE SUBVENCIÓN PARA "PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN DA LÍNGUA GALEGA"</p> <p>A Xunta de Goberno Local queda informada da concesión por parte da Deputación Provincial de subvención por importe de oito mil euros (8.000,00 €) para a dinamización lingüística, pola obra "PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DE PROGRAMAS DE DINAMIZACIÓN DA LÍNGUA GALEGA".</p>	

Expediente 2214/2018. Solicitud de sinalización (Urxencia)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>Vista a solicitude presentada por A.C.L. na que demanda autorización municipal para a instalación de sinal de pasaxe permanente en Camiño Vello de San Roque, nº 30-Darbo, así como, sinalización horizontal co pintado de liña amarela enfronte da entrada do garaxe para poder manobrar co seu vehículo.</p> <p>A Xunta de Goberno Local, de conformidade co informe emitido en data 03.05.2018 pola</p>	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Policía Local, acorda o seguinte:

Primeiro.- Conceder autorización municipal para a instalación de sinal de pasaxe permanente ao Sr. C.L., no lugar de Camiño Vello de San Roque, nº 30-Darbo.

Segundo.- Que polos servizos municipais correspondentes se procederá a sinalizar horizontalmente a vía, para poder manobrar co seu vehículo.

* O presente acordo de autorización carecerá de validez sen a obtención previa da licenza de primeira ocupación, cédula de habitabilidade ou informe do departamento de urbanismo, relativo a se conta con licenza municipal de obras a edificación onde se pretende instalar o referido sinal.

Expediente 2937/2018. Comunicación previa en materia urbanística (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2937/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por "PISCÍCOLA DEL MORRAZO SA", para limpeza, reparación e sellado da cuberta da nave, sito no lugar dos Castros-Nerga-O Hío (referencia catastral X), de conformidade coa documentación presentada polo enxeñeiro superior de minas David Rodríguez Besada, de data 6 de xuño de 2018. O presuposto de execución das obras ascende a mil cincocentos euros (1.500,00 €).

A nave conta con licenza de legalización de data 25 de maio de 2015 (licenza nº 24.297).

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850